



“CHARLAS-OBRADEIROS DA ESCOLA DE FAMILIAS DO CEIP PLURILINGÜE DE VITE: organizadas desde o Departamento de Orientación en coordinación coa ANPA e algunhas coa colaboración do CAFI (ENAPA), baixo o título: **“APRENDEMOS XUNTOS PARA EDUCAR PARA O FUTURO”**”

Prezadas familias, queremos dar continuidade ás charlas-xuntanzas para as familias, en consonancia cos obradoiros que se van celebrar cos nenos e nenas nas xornadas escolares da mañá. **Non é posible este espazo de comunicación e de aprendizaxe sen a vosa participación** como pilar e base da educación de vosos fillos e fillas e únenos a ILUSIÓN, a RESPONSABILIDADE e os ESFORZOS compartidos.

A novidade deste curso 2023-24 é que queremos reunirnos para APRENDER XUNTOS de xeito MENSUAL, polo que pido que enviades as vosas propostas de temáticas a tratar para poder organizar alguna charla a cargo de expertos/as en educación familiar. Unhas sesións serán a cargo da orientadora e outras con colaboradores externos, coa pretensión de xerar un espazo de reflexión no que compartir inxerencias nestas xuntanza de familias.


Familia e escola compartimos o interese polo benestar, pois *“os alumnos que se senten ben, aprenden mellor”*, como asegura Álvaro Marchesi. A comunidade educativa seleccionou estas catro dimensións como prioritarias: coidar o benestar emocional, potenciar o uso saudable das tecnoloxías, dar énfase a aprender a aprender, así como ensinar a esforzarse e ser responsable.

Temos o gusto de invitarvos á primeira charla pensada para contribuír ao benestar familiar, será a cargo de **Rosa Álvarez Prada**, Psicóloga clínica do Plan Sociocomunitario de Vite. Falaranos de **“FACILITAR UNHA EDUCACIÓN SAUDABLE: competencias socioemocionais nun mundo dixital”**. Ese mesmo día fará un obradoiro pola mañá no centro co alumnado d 5º e 6º curso de primaria e abordará os temas de: saúde e convivencia, uso das novas tecnoloxías, trato entre iguais, importancia das normas e límites...

A charlas será ás **16.30 o día 29 de novembro** na **BIBLIOTECA** do CEIP Plurilingüe de Vite.

É unha actividade GRATUITA PARA AS FAMILIAS INTERESADAS, **precisamos un mínimo de 10 familias anotadas para manter as ofertas**. Rogamos comuniquen previsión e compromiso de asistencia, así como a proposta de temáticas para as vindeiras charlas, ben a través da ANPA, dos titores ou do correo do centro ceip.vite@edu.xunta.gal.

Opción formato papel, recortar e entregar no centro antes do martes 28 de novembro:



.....
Marcar preferencia horaria:

16:30 a 17:30 horas

17:30 a 18:30

16:30 a 18:30

Temas de interese para vindeiras charlas:

A orientadora.